**FHG**

**Federación Hípica Galega**

# Reglamento Andadura Federada

**Edición 2025**

# INDICE

1. PARTICIPANTES.
2. HORARIO.
3. PROBAS PUNTUABLES PARA O CAMPIONATO.
4. MATRÍCULAS E PREMIOS
5. SAÚDO E COMPORTAMENTO.
6. XUÍCES E OFICIAIS.
7. ORDE DE SAÍDA, PENALIZACIÓNS E PUNUACIÓN DAS PROBAS.
8. MALTRATO, IDADE E OUTRAS CONSIDERACIÓNS COS CABALOS.
9. UNIFORMIDADE E AXUDAS NATURAIS E ARTIFICIAIS.
10. PISTA DE COMPETICIÓN.
11. CATEGORÍA SUB-16
12. CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS (NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO).
13. CATEGORÍA CABALOS NOVOS SERRADA E CHAPEADA.
14. TROFEOS E PREMIOS.

**ANDADURA GALEGA FEDERADA 2024**

**RESUMO DO REGULAMENTO**

**Modificación 2025**

A Federación Hípica Galega, co fin de fomentar o deporte hípico en xeral e o autóctono en particular (Andadura), decide:

- O Campionato Galego de Andadura Individual e por Equipos disputarase entre Febreiro a Setembro
- Establecer a Copa Galega de Andadura Federada.
- Establecer unha nova categoría: SUB-16.
- Establecer unha nova categoría: CABALOS NOVOS.

## 1. PARTICIPANTES:

- Xinetes/Amazonas residentes en Galicia en posesión da Licenza Federativa e Cabalar en vigor.
- O tipo de licenza será Territorial e terá que ser presentada na primeira proba oficial, no seu defecto presentarase o comprobante bancario de pago a FHG.

**RECOMÉNDASE** ter un seguro de responsabilidade civil privado.

## 2. HORARIO:

- Todas as probas oficiais deberán realizarse pola mañá e excepcionalmente, se así o decidise o Comité Organizador, pola tarde, o en xornada partida previa comunicación aos xinetes/amazonas.
- O Comité Organizador fará a entrega dos premios ao final da proba.

## 3. PROBAS PUNTUABLES PARA O CAMPIONATO:

- Todas as probas serán puntuables.
- O Campionato constará de 6 carreiras mínimo e 15 máximo, **PÓDERA , OU NON,** descartarse o peor resultado do binomio xinete/amazona e cabalo, sempre que o campionato conste de 8 carreiras ou máis. No caso de que o Campionato conste de entre 6 e 7 carreiras non se poderá descartar ningún resultado.
- Para optar a medalla será **obrigatorio participar na final.**
- **O día da final individual realizarase a proba do Campionato Galego por Equipos**.
- **EXCEPCIONALMENTE, en este campionato 2025**: Un xinete federado poderá correr un cabalo dun compañeiro nunha proba do campionato e os puntos obtidos na clasificación serán para o cabalo.

## 4. MATRÍCULAS E PREMIOS:

- Os deportistas inscribiránse directamente a través do Delegado Federativo ou nos Comités Organizadores de cada proba puntuable.
- Autorízase un cambio de cabalo, sen xustificar, durante o campionato. O CABALO QUE OCUPE O LUGAR DOUTRO CABALO NO CAMPIONATO, DEBERA ESTAR FEDERADO, ESTE CABALO PASARA A TER OS PUNTOS DO CABALO QUE SUSTITUE NO CAMPIONATO. Un segundo cambio deberá ser aprobado polo delegado federativo e a FHG, previa xustificación do cambio.
- A criterio do Comité Organizador poderanse variar os premios, disminuíndoos se os participantes son 5 ou menos e aumentandoos cando sexan 20 ou máis.

## 5. SAÚDO E COMPORTAMENTO:

- En todas aquelas probas celebradas nunha pista de competición e baixo a autoridade dun Xurado de Campo os participantes deberán, por razóns de cortesía, saudar ao Presidente do Xurado ao entrar na pista, salvo que este indique o contrario. Do mesmo xeito, o Presidente do Xurado deberá responder ao saúdo do deportista.
- Cando unha autoridade de alto rango ocupe a Tribuna de Honra, o Comité Organizador, de acordo co Presidente do Xurado, deberá dar as instrucións oportunas aos deportistas para que estes executen o correspondente saúdo.
- Todos os deportistas deberán ter unha **ACTITUDE CORRECTA** cos Xuíces, Oficiais e Público asistente as competicións.
- **Cando participan baixo a FHG, os deportistas, aceptan os distintos regulamentos federativos: Xeral, Disciplinario, Veterinario e o propio da disciplina na que participa, neste caso o de Andadura Galega.**

## 6. XUÍCES E OFICIAIS:

- Cada proba será presidida por un Presidente do Xurado, designado pola FHG, ou por un Delegado Federativo.
- As probas serán xulgadas por dous xuíces, un principal e un secundario, este último poderá ser un xuíz en prácticas. **As probas poderan ser xulgadas por un só xuíz principal, no caso de non ser cubertos os dous postos de xuíz.**

## 7. ORDE DE SAÍDA, PENALIZACIÓNS E PUNTUACIÓN DAS PROBAS:

- A orde de saída determinarase por sorteo.
- O espazo esistente desde o comezo da preparación do cabalo á liña de saída será dun mínimo de 10 metros, esta distancia é para poñer o cabalo na andadura. O crono empeza a contar desde que o cabalo pasa a liña de saída.
- Os xiros non terán penalización 10 metros antes e 10 metros despóis, entre a chegada ao primeiro cono e ao xiro.
- A distancia mínima será de 100 metros.
- A clasificación final da proba será a suma da penalización e tempo.
-
- Serán causas de descualificación calquera maltrato ao cabalo ou unha actitude indisciplinaria do xinete/amazona. Sempre baixo os regulamentos da FHG e RFHE.
- Para que unha proba sexa puntuable para o Campionato deberá haber polo menos 5 participantes inscritos en cada proba.
- Participarase en cada categoría por grupos, en función do número de participantes en cada categoría e a pista de competición, os grupos poderán ser de 8, 10 ou 12 participantes. CALQUERA XINETE QUE ENTRE NA PISTA DE COMPETICIÓN NON PERTENCENDO AO GRUPO PARTICIPANTE NESE MOMENTO SERÁ DESCUALIFICADO. EN CASO DE QUERER, OU TER QUE ENTRAR NA PISTA FORA DO SEU GRUPO, DEBERÁ PEDIR PERMISO AO XUIZ DE PISTA OU DELEGADO FEDERATIVO.
- Os xinetes/amazonas que corran o campionato non teran un mínimo de cabalos, pero só optarán a medalla cun cabalo, en cada categoría. Os demais cabalos entran en premios das probas do día.
- A puntuación final será a suma dos puntos obtidos na clasificación nas diferentes probas do campionato e a suma de puntos da final:

| POSTO | PUNTACIÓN POR PROBA |
|---|---|
| 1º | 25 |
| 2º | 23 |
| 3º | 21 |
| 4º | 20 |
| 5º | 19 |
| 6º | 18 |
| 7º | 17 |
| 8 | 16 |
| 9º | 15 |
| 10º | 14 |
| 11º | 13 |
| 12º | 12 |
| 13º | 11 |
| 14º | 10 |
| 15º | 09 |
| 16º | 08 |
| 17º | 07 |
| 18º | 06 |
| 19º | 05 |
| 20º | 04 |
| 21º | 03 |
| 22º | 02 |
| 23º | 01 |
| 24º Y SIG. | 01 |

- Prohíbese o uso de argolas e correas de andadura durante as probas, baixo pena de descualificación.

## 8. MALTRATO, IDADE E OUTRAS CONSIDERACIÓNS COS CABALOS:

**Considerase maltrato** causar dor ou abusar de forma intencionada do cabalo:

- Golpear ao cabalo de forma excesiva ou **UTILIZAR A FUSTA DURANTE A CARREIRA**, podendo ser causa de eliminación.
- Utilizar as espuelas ou dar sacudidas na boca do cabalo de forma excesiva ou persistente.
- Revitalizar ou intentar revitalizar a un cabalo visiblemente extenuado, coxo ou ferido.
- Deixar un cabalo sen alimentación e auga e sen o adestramento adecuado.
- As mostras evidentes de lesións, feridas ou sangue (costados, boca) é causa de descualificación directa, non sendo autorizado a competir.

**En relación coa idade de competición, é RECOMENDABLE** que sexa a partir dos 3 anos e que conste no libro como cabalo de deporte e non de consumo.

**Tamén e RECOMENDABLE** a vacinación e desparasitación polo menos dúas veces ao ano, en marzo e setembro/outubro.

## 9. UNIFORMIDADE E AXUDAS NATURAIS E ARTIFICIAIS:

**A UNIFORMIDADE É OBRIGATORIA** en todas as probas segundo o establecido no presente regulamento: pantalón de montar oscuro (negro, azul marino, etc.), botas ou botíns, **casco**, camisa ou polo branco e cazadora federada. O non cumprimento será causa de descualificación.

As axudas naturais permitidas son: pernas, voz, asento e mans.

As axudas artificiais poden ser: espuelas de contacto e fusta de doma. Durante a proba non está permitido o uso da fusta.

## 10. PISTA DE COMPETICIÓN:

A pista estará acotada mediante vallas ou similares que impidan ao público entrar na mesma durante o desenvolvemento das probas.

No caso de que a pista non teña a distancia mínima requerida poderá incrementarse a proba nunha volta, correndo un total de dúas, sempre co acordo entre os xinetes/amazonas e o Comité Organizador.

O acondicionamiento da pista de competición poderá ser revisado por un xinete/amazona ou un comité técnico que designe a F.H.G, que deberá emitir un informe, que de ser negativo pode ser causa de anulación da proba.

É obrigatorio dispoñer de megafonía, sendo recomendable o uso de micro sen fío e tamén será obrigatorio o uso de célula fotoeléctrica.

Como norma de seguridade, no recinto deberá haber ambulancia, veterinario e médico.

## 11. CATEGORÍA SUB-16:

- Poderán participar todos os menores de 16 anos, tamén poderán participar todas as persoas que cumpran 16 anos no presente ano.
- É obrigatorio ter licenza federativa e usar o casco e a vestimenta regulamentaria.
- Realizarán a proba sen cronómetro e sempre se puntuará a técnica e non a velocidade.
- O final da proba levarán un obsequio ou trofeo e escarapela.

## 12. CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS (NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO):

- Para participar deberán ter licenza federativa tanto o xinete/amazona como o cabalo e ter participado nalgunha das carreiras individuais do campionato.
- Os equipos serán de tres ou catro xinetes/amazonas, recollendo só os tres mellores tempos e eliminando o peor tempo.
- Os xinetes/amazonas sairán na orde de saída que eles escollan.
- Os primeiros de cada equipo farán a proba e a continuación todos os segundos e así sucesivamente.
- Os peores tempos de cada equipo serán eliminados, sumándose só os tres mellores.
- Será campión galego por equipos aquel que sume o mellor tempo en cada categoría.

## 13. CATEGORIA CABALOS NOVOS SERRADA E CHAPEADA:

- **IDADE PARA PARTICIPAR:** Cabalos de 2 e 3 anos cumpridos ata o ano no que cumpren 4 anos a 1 de xaneiro do ano en curso.

- **CONDICIONS DE PARTICIPACION:**
  - Só haberá dúas categorías, serrada e chapeada.
  - Os cabalos novos teñen que estar federados.
  - Poderá ser montado por calquera xinete federado.
  - Só haberá trofeos, non haberá premios en metálico.
  - Optan a medallas ao final do campionato na categoría cabalos novos.

NOTA CABALOS NOVOS 1: Non haberá medicións de cabalos en cabalos novos, se algún poldro corre outra proba do campionato terá que ter a medición.

NOTA CABALOS NOVOS 2: Aplicaránse os distintos regulamentos da FHG e da RFHG: disciplinarios, veterinarios e de competición.

## 14. TROFEOS E PREMIOS:

| PROBAS FEDERADAS ANDADURA GALEGA | IMPORTE PREMIOS Y TROFEOS A LOS 3 PRIMEROS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1ºTrofeo | 2ºTrofeo | 3ºTrofeo | 4º | 5º | 6º | 7º | 8º |
| SERRADA MENOS 1,50 | 120€ | 90€ | 70€ | 50€ | 30€ | 30€ | 30€ | 30€ |
| CHAPEADA MENOS 1,50 | 120€ | 90€ | 70€ | 50€ | 30€ | 30€ | 30€ | 30€ |
| SERRRADA MAS 1,50 | 120€ | 90€ | 70€ | 50€ | 30€ | 30€ | 30€ | 30€ |
| CHAPEADA MAS 1,50 | 120€ | 90€ | 70€ | 50€ | 30€ | 30€ | 30€ | 30€ |
| SUB 16 | TROFEO A TODOS LOS PARTICIPANTES | | | | | | | |
| CABALOS NOVOS SERRADA | TROFEO | TROFEO | TROFEO | | | | | |
| CABALOS NOVOS CHAPEADA | TROFEO | TROFEO | TROFEO | | | | | |
| IMPORTE TOTAL PREMIOS | | | | | | | | 1.800€ |

NOTA 1: COPA ANDADURA FEDERADA

AS COPAS NON TEÑEN PREMIOS EN METÁLICO, TERÁN TROFEOS, ESCARAPELAS E OBSEQUIOS PARA O BINOMIO, CEDIDOS POLOS PATROCINADORES.

NOTA 2:

Dende o ano 2017 as categorías de Andadura divídense en catro:

**Cabalos de menos de 1,50 cm:**

- Andadura Serrada / Dous Tempos.
- Andadura Chapeada / Catro Tempos.

**Cabalos de máis de 1,50 cm:**

- Andadura Serrada / Dous Tempos.
- Andadura Chapeada / Catro Tempos

Estes cabalos mediránse segundo a normativa da RFHE para ponis. Se a medición se realiza con ferraduras, a medida verase aumentada nun centímetro.

A medición definitiva será cando o cabalo ou poni cumpra os 8 anos, ata que os teña, será medido cada ano antes de empezar a competición.

No caso de competición a proba de recoñecemento poderá ser realizada a paso. O xinete/amazona pode tomar a decisión de efectuar a proba de competición sen volta de recoñecemento, debendo avisar ao Delegado Federativo. Neste caso no momento de superar a célula fotoeléctrica a proba pasará a ser puntuada sen posibilidade de repetila.